

ganas de aprender, de progresar e de mellorar por parte do alumnado.

Grazas ao ensino experimentado, puiden prosperar e mellorar enormemente, seguindo unha progresión constante e satisfactoria, e con ánimo de seguir emprendendo novos retos.



NN.- Como valora á formación recibida, coa perspectiva e experiencia acumulada ata a actualidade?

OQ.- Moi satisfactoria, aínda que posiblemente nese momento, se cadra, non tiña a percepción nin a capacidade para prestar toda a atención nin a predisposición a formarme, capacitarme e enriquecerme aproveitando máis o tempo. Estou moi agradecido polo paso por esta escola xa que foi o comezo, a base do namoramento e paixón por un mundo do que quería formar parte, e que ao principio vía como afastado. Ao final conseguimos pero foi con sacrificio, a base de dedicación.

NN - Mantén relación co centro ou con algún colega?

OQ.- Si, con ambos. O centro visiteino ocasionalmente para asistir a algunha actividade; recentemente colaborei no “I Encontro de Formación Profesional de Galicia-Castela e León e Portugal”, realizando unha cata comentada de viños galegos. Esa morriña descrita anteriormente, volveuse emotiva e real, xa que supón volver á escola, pero agora sendo eu o que imparte unha actividade. Véñenche á mente todos eses bos recordos, emocións e alegrías do pasado. Sentimentos encontrados que perduran no tempo.

Manteño contacto tamén con algunhas persoas, aínda que poucas. Malia residir fora de Galiza, hoxe cas redes sociais, é posible manter esas relacións. Dalgunha maneira, xa sexa no ensino, traballando, coincidindo en eventos, actividades, talleres, esta profesión, a hostalaría, é unha grande oportunidade e vehículo para a socialización. Os espazos de hostalaría son ferramentas fundamentais para as relacións sociais e de ocio, e serven para relaxarnos, gozar, desconectar. Os que nos dedicamos a elo temos esa visión integrada de ambas as dúas partes.

NN.- En canto á súa actividade profesional, pódenos facer un breve itinerario dende a FCT ata a actualidade?

OQ.- Eu estou satisfeito con desenvolvemento do meu itinerario, dende as practicas no ano 2002, no Hostal dos Reis Católicos e posteriores tarefas de camareiro, fun crescendo e formándome, pasando de camareiro a Sommelier e Maître d’Hotel, que son as categorías que desenvolvo na actualidade no Parador Hostal San Marcos de León; continuando de camareiro no Parador de Santiago (2003), pasando polo Plan de Formación para Responsable de Comedor no Parador de Alcalá de Henares (2004) e seguindo a andaina xa como Maître d’Hotel nos Paradores de Olite (Navarra) 2006, Sto. Domingo (Rioxa) 2007, Novo Parador de Alcalá de Henares (2008-2010) e Zamora (2011-2013), ata chegar a León.

No Parador de Sto Domingo, tamén realizaba as tarefas de Titor-Docente na parte práctica da Escola de Hostalaría de Paradores, e foi onde comecei a mostrar maior interese pola sumillería.

Durante este tempo, realicei servizos para a Casa Real, embaixadas, organismos e entidades do Estado, servizos en Feiras Gastronómicas moi relevantes, como Fitur e Madrid Fusión, e seguí formándome a base de cursos, masters, talleres e relatorios en diferentes ámbitos a nivel nacional.

Son membro e colaboro activamente coa Asociación de Sumilleres de Galiza, de Castela e León, coa marca Galicia Calidade e tamén imparto cursos e actividades de Hostalaría.

No 2012, colaborei como sumiller no libro benéfico de receitas de cociña e viños “Sabor a Vida”

NN.- Que lle diría ao alumnado actual de servizos de restauración para encetar a súa andaina laboral e desenvólense profesionalmente?

OQ.- Que é unha profesión moi bonita, na que fai falla moita predisposición, entrega, vocación, sacrificio e formación; pero cando se lle ten un gran respecto, valórase e realizase con gran paixón. Dá tantas satisfaccións e alegrías, que che acaba dando mais do que ti lle das.

NN.- Polo que coñecemos ten participado con éxito en concursos profesionais, gustaríanos que contara algunhas experiencias neste eido?

OQ.- A verdade é que me sinto moi satisfeito e un privilexiado. Non son unha persoa moi asidua a campionatos e concursos. Nestes últimos 4 anos foi cando mostrei máis interese, motivado por seguir a actualidade, por seguir enriquecéndome profesionalmente e poder acceder a eventos, actividades e talleres de prestixio, xa que todo elo é aprendizaxe. O fundamental non é acadar os primeiros postos senón acadar coñecementos, visións novas, saber o que ocorre, coñecer as tendencias neste mundo cambiante, as posibilidades profesionais, confrontar as perspectivas que tiñas e ter esa posibilidade de relacionarte, desfrutar, rodearte e participar cos mellores profesionais, sendo un nutrinte máis no día a día.

O participar neste tipo de actividades esixentes supón trasladar á escea o que facemos case a diario e require de gran preparación e sacrificio,

un esforzo e actualización constantes; pero cando se ten paixón e resulta pracenteiro a satisfacción é maior.

Neste ámbito, acadai resultados relevantes e de prestixio, como por exemplo sucedeu no campionato de España de Sumilleres 2011-2012 (como consecuencia de quedar como 1º clasificado no Campionato de Castela e León, representando a Zamora), onde acadai o premio mellor Xefe de Sala de Galicia 2012 e, recentemente, clasifíqueme como Mellor Sumillerr do Noroeste na edición 2014 “Nariz de Ouro” .

NN.- Xa para rematar, como ve o futuro nesta profesión?

OQ.- Dende a perspectiva privilexiada na que me encontro podo dicir que a hostalaría ten un futuro esplendoroso, nada máis que ver a gran incidencia nos medios de comunicacións e redes sociais, con actividades cada vez máis numerosas e populares.

É unha actividade con claras perspectivas de crecemento, un amplo abano de oportunidades laborais, xa que cada vez vaixe diversificando máis, ofrecendo unha gran variedade de saídas profesionais.

É importante seguir formado dende a base, con rigor e esixencia continua por parte de persoal cualificado, poñendo en valor a profesionalidade.

Tamén e necesario unha lexislación mais clara e definida, maior formación, homologacións dos estudos, liñas de traballo conxuntas e compromiso entre todas as partes interesadas: entes públicos, profesionais, empresarios...

VISITA A GRAPHISPAG

Unha vintena de alumnas e alumnos de Preimpresión dixital e de Impresión de Artes Gráficas acudiron acompañados por dous profesores a finais de marzo a Barcelona á Feira de Artes Gráficas a coñecer as novidades dun sector que permanente cambio tecnolóxico. Esta é a impresión de dúas alumnas, Rocío García (R) e Estefanía Ponte (E), ambas do segundo curso de Preimpresión.

Que che pareceu Graphispag?

E: Estivo ben, xa que nunca vira máquinas dese estilo, e tiña unha grande variedade de plóters tanto de corte como de impresión. O pavillón tiña diferentes seccións, había de fotografía, distintos tipos de papel fotográfico, as máquinas que imprimen as fotografías... Tamén había plóters de gran tirada, un que me chamou a atención porque era súper grande, xa que facía dúas tiradas xuntas; é dicir: unha ao lado da outra.

R: Nunca fora a unha feira dese estilo e a verdade que non me esperaba nada así. Á parte de ser unha feira a nivel europeo había moita xente os días que estivemos alí, diferentes charlas... Tras unha charla introductoria para institutos xa podías entrar ao recinto onde estaban todos os plóters e todas as exposicións. A verdade é que había moitísimas de diferentes modelos, tamaños...unhas de corte, outras de impresión, máquinas que imprimían en 3D... de todo o imaxinable.

Que che gustou máis?

E: O que máis me gustou foi o dos selos; é dicir, os típicos selos de pagado, copia...neste caso tamén podían ser personalizados con fotos cunha sinatura...En fin, o que quixeras poñer. Porque con cousas así daste conta das múltiples opción que tes para elixir.

R: Difícil de responder xa que me gustou case todo. Había máquinas espectaculares. Había unha que cortaba a figura que quixeras sobre cartón pluma, e tamén outra que cortaba sobre esponxa. E a que máis me gustou era unha que imprimía sobre tea, podíase facer o que quixeras sobre a tea.

Viches algo que che dera ideas para montar un negocio nun futuro?

E: Si, o de fotografía deume algunha idea xa que me gusta ese mundo e me intereso por el.

R: Ideas, ideas non sei moi ben, a verdade, pero si que me gustaría moito algún día poder traballar neste mundo do deseño gráfico e o que pode abarcar. Por exemplo gústanme moito os traballos en 3D. Si que me gustaría montar un negocio sobre algo dese estilo.



Consideras que visitas deste tipo axudan aos teus estudos?

E: Si, axudáronme a ver cómo traballan os diferentes sectores, os tipos de papel que se utiliza, é dicir, o máis axeitado para cada ocasión, ver cómo se gaña máis tempo de impresión con cada traballo...

R: Creo que si porque dache unha idea de cómo traballan outras empresas, qué máquinas utilizan e da maneira que realizan o seu traballo. Axudan a enfocar as túas ideas dalgunha maneira e axudan a que vexas os diferentes ámbitos que hai nas artes gráficas e decantarte por algo que realmente che gustaría facer. Á parte de que son interesantes porque ves ao que se dedica cada empresa das que vistas, ou neste caso en Graphispag ves o gran mundo que pode ser e que podes escoller o que máis che interese.

Tiveches tempo para coñecer Barcelona?

E: Si, tivemos bastante e podiamos ir ao noso aire, gozando do que máis nos gustaba.

R: Si! A verdade é que si tivemos moito tempo e puidemos visitar moitos sitios. Aínda que eu xa fora, tiven oportunidade de volver a ver as mesmas cousas outra vez e outras diferentes que me gustaron moito. Por exemplo o último día tivémolo todo para nós ata a hora de marchar.

Que fixeches para que o custo do viaxe fose accesible?

E: Vendín moitas rifas, algunhas sudaderas, tamén puiden facer fotos e algún calendario.

R: Xa que podiamos facer distintas cousas cada un facía o que lle fora máis doado de vender. No meu caso foron un par de camisetas, fotos e algún calendario, e o que máis vendín foron rifas.



SERVIZO DE VOLUNTARIADO EUROPEO

Cristina Viaño é unha alumna de Preimpresión dixital que durante o ano 2014 levou a cabo un labor de cooperación con familias desfavorecidas en Hungría. Tras esa aventura, voltou para finalizar os seus estudos e, de paso, contarnos as súas experiencias.

Que é o Servizo de Voluntario Europeo (SVE ou EVS)

É un programa de mobilidade financiado pola Unión Europea. Existen proxectos de voluntariado en diversos ámbitos; social, medioambiental, sociosanitario, comunicación... Trátase de dar a oportunidade de mellorar competencias tanto a nivel persoal como educativo e profesional. Así como tamén busca unha integración social.

Os voluntarios realizan a súa actividade sen ánimo de lucro nun país distinto ao seu durante un período que vai dende os 2 meses ata un ano dependendo do proxecto.

Este programa pode ser realizado por calquera europeo cunha idade comprendida entre os 18 e os 30 anos.

Onde desenvolveches a túa actividade de cooperación?

Estiven seis meses en Budapest nunha casa de acollida para familias sen recursos. Tamén funcionaba como centro de día e de noite para xente sen fogar. O fin da asociación é ofrecer seguridade e buscar a maneira de axudarlles a saír da situación de exclusión social na que se atopan. Teñen arredor de 200 usuarios a diario.

Que actividades levabas a cabo?

Eramos catro voluntarios e a principal tarefa para nós foi organizar e participar en actividades cos nenos do centro. Dende deportes ao aire libre, talleres de concienciación, manualidades, club de cine e de fotografía... O obxectivo era darlles unha vía de escape á situación na que se atopaban e que visen outros modelos de vida.

Coas familias realizamos un taller de cociña que

se converteu nun punto de reunión e distensión. Tamén impartimos clases de inglés e castelán (no meu caso) para calquera que quixera apuntarse. Participamos na recollida de alimentos, mobles e roupa para a asociación e tamén fixemos traballo de rúa buscando a xente sen fogar para informarlles dos seus dereitos e para atender as súas necesidades.



Tiñas experiencia previa neste tipo de cooperación?

Non. Foi a miña primeira experiencia

Consideras que o papel das ONG's podería ser máis eficiente? Como?

Realmente a miña casa de acollida era unha asociación, non unha ONG.

No meu caso en concreto faltaba organización. Eran demasiados usuarios para tan pouco persoal. Era imposible traballar de maneira individualizada e faltaban recursos básicos.

Penso que por esa razón a organización buscaba un apoio económico, máis que a colaboración dos voluntarios. Foi un dobre traballo crear as actividades no centro e ao mesmo tempo convencer á organización dos beneficios de recibir a nosa colaboración. Creo que centrarse só na parte económica foi un erro pola súa parte, pero ao final foi moi gratificante comprobar que ese esforzo foi valorado positivamente.



Que che sorprende máis da experiencia?

Sobre todo ver que podes comunicarte sen unha lingua en común. Os usuarios do centro falaban húngaro, apenas sabían catro palabras en inglés. É increíble a capacidade de comunicarnos que temos cando queremos ser escoitados. E sobre todo a paciencia dos nenos que non lles importa repetir, repetir e repetir ata que os entendes. Foron os mellores profesores.

Sorprendéronme as cousas en común que temos os húngaros e os galegos. Sempre buscamos as diferencias e a min sempre me abraían as similitudes.

Recomendarías realizar este tipo de voluntariado?

A todo o mundo que poida. Tanto as boas como as malas experiencias axudan a enriquecerte a todos os niveis.

Penso que a xente debería informarse e saber que existen este tipo de iniciativas. É unha oportunidade única.

É moi difícil sentirte só porque dende o SVE hai unha serie de iniciativas para evitar que iso ocorra.

Promoven reunións con diferentes voluntarios de todo o país para poder crear vínculos e para compartir a experiencia. Gracias a iso coñeces a xente de todas as nacionalidades.

Ademais do que supuxo para aos que axudaches, que supuxo para ti? Que adquiriches? Habilidades sociais, idiomas...?

Eu non considero que esta clase de voluntariado sexa dar axuda. Penso que é algo recíproco, ti aportas algo pero ao mesmo tempo estás recibindo o dobre.

Creo que me axudou a ser máis realista comigo mesma. Aprendes a ver onde están os teus límites, a ser máis flexible e tamén aprendes a valorar máis as túas capacidades.

Nunca pensei que fose tan doado vivir nun edificio con 200 persoas. A verdade é que o tempo que estiven alí sentínme no meu fogar. Viaxar polo país, aprender a súa lingua, disfrutar da súa gastronomía, coñecer a súa historia, e sobre todo comunicarme coa xente. É o bo desta experiencia, que te somerxes ao 100 % no

seu modo de vida e iso é moi enriquecedor.

Con respecto aos idiomas, o húngaro é tremendamente complicado pero é unha alegría ver como te vas desenvolvendo e como pouco a pouco vas podendo facer tarefas da vida diaria como ir ao supermercado, preguntar por unha rúa, ir a un bar... Tamén aprendín a desenvolverme mellor co meu penoso inglés e a darme conta de que todo vale se te fas entender. O que tamén me sorprende foi o difícil que me resultou organizar as clases de castelán. Por onde comezar, cómo impartilas co inglés como lingua común ou incluso co húngaro como enlace. Fun máis consciente da miña propia lingua.

As veces pensas que en lugares así vas a ver experiencias de vida totalmente contrarias á túa. Pero cando compartes a túa maneira de vela vida, daste conta que a eles tamén lles resulta estraña e fóra do que ao mellor consideran normal. Aí é cando realmente aprendes a entender e a respectar outros modos de vida.

http://europa.eu/youth/EU_es
<http://www.juventudenaccion.injuve.es/>

Actividades do departamento de Artes gráficas

VISITAS

O Departamento de Artes Gráficas efectuou visitas ás empresas do sector para que as/os alumnas/os observasen in situ cómo se aplica de xeito profesional os coñecementos que están adquirindo no centro educativo.



26 de Febreiro

Visita a Uniter.

Empresa adicada ás etiquetas colgantes